



## ANUNCIO

Faise público que en sesión do 28 de outubro do 2024 o tribunal de selección dos procesos selectivos para a creación dunha lista de aspirantes a arquitecto/a e outra de arquitecto/a técnico/a segundo as bases aprobadas mediante as Resolución da alcaldía 923/2024 modificada por Resolución da alcaldía 1108/2024 e 1127/2024 e nomeado mediante Resolución de alcaldía 1283/2024 do 01.10.2024 valorou a emenda achegada por Luisa María Aba Garrote e as novas alegacións presentadas por José Ramón Díaz Barbeito, aceptando parcialmente a emenda e estimando na súa totalidade as alegacións baixo a seguinte motivación que consta en acta:

“Respecto da emenda, o tribunal acordou requerir a presentación no prazo de 2 días hábiles dun certificado expedido por funcionario competente ao efecto con indicación expresa das funcións da praza de técnico de urbanismo, de alegar o seu cómputo, así como un certificado expedido por funcionario competente que acredite se os períodos computados na vida laboral dende o 01.07.2009 corresponden ao posto de arquitecta superior con data de toma de posesión o 01.07.2009 e, en caso contrario, as actas de posesión ou nomeamento ou certificado expedido por funcionario competente ao efecto da experiencia alegada con data de alta na vida laboral de 28.03.2012 e 25.08.2014.

No dito prazo Luisa María Aba Garrote achega unha sentenza, unha toma de posesión e un certificado, no certificado achegado non se acreditan as funcións do posto de técnica de urbanismo, constan dous períodos, un como grupo A2 e outro como grupo A1, este mediante contrato laboral que non foi aportado.

Non queda acreditado, polo tanto, que as funcións do posto foran en calidade de arquitecta superior. Por outra parte, non resulta valorable o período laboral como delineante, polo mesmo motivo.

Mediante a documentación achegada na emenda, constan acreditados os seguintes períodos de experiencia que constan na vida laboral que se presentou xunto coa solicitude de participación (nótese que inda que na emenda se acredita maior período laboral, o tempo computable é o xustificado coa presentación da solicitude de participación):

-15.04.2005 a 30.06.2009

-01.07.2009 a 27.03.2012

-28.03.2012 a 24.08.2011

-25.08.2014 a 17.07.2024

Total días:  $1538+1001+880+8+3614=7041$  días

O día 24.10.2024 José Ramón Díaz Barbeito volver a presentar alegacións indicando:

*“1. O feito de que todas as persoas foran valoradas do mesmo xeito no ten que ver con que se garante un trato igualitario, pois se esta a perduxicar as que presentan varios contratos, ao no terse en conta os restos da división que se produce entre os días do contrato e os 30 de cada mes; estes restos corresponden a días traballados que no son valorados.*

*2. Tomando como exemplo o meu propio caso vemos que os restos producidos (días traballados) son os o seguinte:*

*período 1: 162/30, computase 5 meses, quedan sin computar 12 días*

*período 2: 904/30, computase 30 meses, quedan sin computar 4 días*

*período 3: 1079/30, computase 35 meses, quedan sin computar 29 días*

*período 4: 1461/30, computase 48 meses, quedan sin computar 21 días*

*o que fai un total de 66 días que no son valorados.*

*E dicir, a mais períodos computables, maior e o desvío que pode producirse, perxudicando a persoa que teña ditos períodos respecto aos que teñen menos períodos de computo.*

*3. Por outra banda o apartado 3 da cláusula sétima das bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: A, subgrupo: A1, escala de administración: especial, subescala: técnica) do Concello de Fene, establece:*

*.....*

*A experiencia valorarase conforme aos días que consten na vida laboral, agás contradición cos certificados achegados, en cuxo caso prevalecerán estes. Os días resultantes dividiranse por 30 para determinar os meses computables. Os períodos inferiores ao mes derivados da citada operación aritmética non serán valorados.*

*.....*

*e dicir, establecece que os “días resultantes” da vida laboral, dividiranse por 30, e aquí sera cando os restos resultantes non serán valorados.”*

O tribunal estima o alegado e decide aplicar a fórmula de valoración por igual ao resto de persoas aspirantes alegada polo interesado, sumando o conxunto de experiencia conforme aos diferentes

0-  
G-  
096  
150  
P-  
F-  
C.I.



apartados valorables, isto é, sumarase o conxunto da experiencia puntuable baixo o mesmo baremo, dividirse entre 30, e o resto non será valorable.”

Á vista do que antecede, o tribunal, tendo en conta que fixera un sorteo provisional en sesión do 21 de outubro do 2024 e que á vista da revaloración acordada, prodúcese un novo empate que é preciso solventar conforme á cláusula 7.6 das bases mediante sorteo, acorda:

PRIMEIRO.-Corrixir a baremación do proceso conforme segue:

NÚM.		PUNTUACIÓN
1.	Aba Garrote, Luisa María	58.5
2.	Candocia Acción, Marta	49
3.	Rodríguez Fabello, Antonio	39.25
4.	Díaz Barbeito, José Ramón	30*
5.	Lamas Pardo, María Belén	30*
6.	Frá Gálvez, Olga	29.5
7.	Corrochano Corrochano, Antonio	29
8.	Díaz Vázquez, María Pilar	28.20
9.		
10.	Mosquera Amado, Manuela	15.95
11.	López Durango, Ana	15.10
12.	Tarrio Vila, Diego	7.50
13.	Silva Seoane, Cayetana	7.25
14.	Fraga Codorniga, Francisco Javier	6
15.	Ramos Rodríguez, Santiago	5.85
16.	García Mallo, Mónica	5.70
17.	Pardiñas Lamas, María Lorena	4.25
18.	Cuervo Álvarez, Lara	3.25
19.	Seco Gago, Lucas	3,15
20.	González Martínez, Raquel	3,00
21.	Martínez Pazos, Cándida	1.5
22.	Pérez Bermúdez, Juan Darío	1.5
23.	Magdalena Nogueira, José	0.5
24.	Orro Bello, María Luisa	0
25.	Castro Paredes, Tania	
26.	Lueiro García, María	0
27.	Nuñez Fresco, Cristina	0
28.	Ríos Sánchez, Pedro Pablo	0
29.	García García María Concepción	0
30.	Prieto Hortas, Sara	0
31.	Patiño López, Noelia María	0
32.	Ruiz Valencia, Alberto	0
33.	Juan Sierra, Michael	0
34.	Zas Hernández, Roi	0
35.	Pérez Viña, Divina	0
36.	Franjo Calvo, Paula	0

\*Pendente de sorteo

SEGUNDO.-Conceder un prazo dun día hábil para formular reclamacións ou alegacións respecto dos resultados ou cualificacións obtidos.

0-G  
360  
150  
P-  
F-  
C.I.



TERCEIRO.-Dirimir os empates producidos o día 30.10.2024 ás 11.00 h no despacho da secretaría municipal.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.

C.I.  
E:  
P-  
150  
360  
0-G